



OFERTA DE EMPREGO A TODAS AS PERSOAS INTERESADAS

De acordo co disposto no vixente convenio colectivo e por non existir a lista de contratación da seguinte categoría, anúnciase a oferta de emprego para a cobertura do seguinte posto, que depende da Secretaría Xeral para o Deporte – Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra:

- **1 Titulado/a superior médico/a (especialidade medicina deportiva). Grupo I, categoría 25 do V Convenio colectivo persoal laboral Xunta de Galicia**

Poden participar no correspondente proceso selectivo todas as persoas interesadas que reúnan os requisitos de titulación e demais esixidos na convocatoria:

CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

- Contrato a formalizar.- Remuda por un 75 % da xornada para cubrir a xubilación parcial do ocupante do posto.
- Desenvolvemento.- En xornada completa, unha vez que o xubilado parcial remate a súa acumulación anual da xornada do 25 % anual.
- Duración aproximada.- será dende a data da sinatura do contrato ata a data de xubilación do ocupante, novembro de 2022.
- Retribucións brutas mensuais aproximadas.- de 1.515 € (75% do salario bruto mensual dun Laboral do Grupo I da Xunta de Galicia).

BAREMO PARA A SELECCIÓN

Para establecer a orde de prelación nas puntuacións dos aspirantes aplicarase o seguinte baremo, partindo do recollido no anexo III do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG 3/11/2008), que é o seguinte:

- 1 Por cada mes de servizos prestados na Xunta de Galicia na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,15 puntos/mes.
- 2 Por cada mes de servizos prestados noutras administracións públicas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,10 puntos/mes.
- 3 Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes.

A suma da puntuación das liñas anteriores non poderá exceder de 5 puntos.

- 4 Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Inem, Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, cursos de formación continua do AFCAP, segundo a relación de materias que se establezan na convocatoria, da seguinte forma:

- Cursos ata 25 horas: 0,1 puntos.



- Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos.
 - Cursos de 75 horas ou máis: 0,3 puntos.
- 5 Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado) :
- En grao de iniciación/celga 3: 0,50 puntos.
 - En grao de perfeccionamento/celga 4: 0,75 puntos.
 - Outros de grao superior ao anterior: 1 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.

- 6 De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á outorgada polos méritos alegados de acordo coa orde establecida neste baremo e de persistir, a favor da primeira letra do primeiro apelido, segundo a orde establecida anualmente na resolución da Consellería de Facenda pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante o anterior, no suposto de infrarrepresentación do sexo feminino nos termos establecidos no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, o primeiro criterio de desempate será o de ter a condición de muller.

Para participar no proceso as persoas interesadas deberán cubrir unha instancia (achégase modelo) e dirixila ao Presidente do Tribunal de selección e presentaranse na Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia (R/ Madrid, 2-4, 2º Fontiñas – 15781 Santiago de Compostela) ou nas oficinas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, con data límite o 16/11/2018. Deberase adiantar a documentación vía correo electrónico ao correo secretaria.deporte@xunta.gal.

Para calquera información sobre o proceso os interesados poden recorrer aos teléfonos 881 996 347 – 881 996 359.

De acordo co disposto nos artigos 7 e 11 do vixente convenio constituirase un órgano de selección formado por un máximo de 7 membros.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

O secretario xeral

Manuel Galdo Pérez

